

1. ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO SOBRE INTERPRETACIÓN DOS CRITERIOS DE HONORARIOS: CONTÍA NA LIQUIDACIÓN DE GANANCIAIS E NA DIVISIÓN DE HERDANZA

A seguir, reproducimos o acordo tomado pola Xunta de Goberno, na sesión do día 24.11.2022, polo que se aproba un criterio interpretativo sobre a contía base que se ha de tomar para o cálculo das custas ou das conta de avogado nos procedementos sobre liquidacións de gananciais, divisións de herdanzas e nos verbais de impugnación.

«Criterio interpretativo sobre a contía base para o cálculo das custas ou das contas de avogados nos procedementos sobre división de herdanza, contador partidor, verbal de oposición ao caderno particional e liquidación da sociedade de gananciais:

Debido aos constantes problemas de interpretación das normas 108, 109, 111 e 113 en relación coa determinación da contía que se ha de tomar como referencia á hora de fixar os honorarios para unha posible conta de avogado ou para a taxación de custas nos verbais de impugnación do caderno e o que se pode entender por valores ou interese real obxecto de partición ou de oposición, esta Xunta de Goberno acorda por unanimidade establecer os seguintes criterios de interpretación:

1. Liquidación de bens gananciais: valor ou interese real do cliente

Computarase o activo e mais o pasivo, **coa excepción** de que se a vivenda se atopase gravada cun préstamo hipotecario só se computará como contía o valor real desa vivenda (nin se suma nin se resta o crédito hipotecario). As demais débedas e préstamos correspondentes ao pasivo sumaranse ao activo.

2. Procedementos verbais de oposición ou impugnación do caderno particional (en herdanzas ou liquidacións de bens gananciais)

Contía: interese económico obxecto de oposición cunha redución do 50 % (norma 111)

- No caso de que se impugne todo o caderno ou a impugnación modifique todos os cupos, a contía será o total dos bens inventariados.
- Se unicamente se impugnan diferenzas na valoración dun ben ou bens, a contía será diferenza discutida.
- De impugnarse a exclusión ou inclusión dun ben ou bens, a contía será o valor deses bens.

- Se a oposición versa sobre cuestións que non son cuantificables, a contía considerarase como indeterminada.

3. Procedementos de división de herdanza (norma 108) e contador partidor (norma 109)

O interese real da herdanza que sexa obxecto da partición estará constituído polo activo e mais o pasivo, salvo na partida correspondente á vivenda se esta estivese gravada cunha hipoteca. Neste último suposto, unicamente se computará como activo o valor real da vivenda (sen sumar nin restar a hipoteca). Os demais préstamos ou débedas correspondentes ao pasivo sumaranse ao activo.

Os anteriores criterios de interpretación aplicaranse nos incidentes de taxacións de custas e contas de avogados que se inicien con posterioridade á data do presente acordo.»

2. ACORDO DE COLABORACIÓN CON TRASTEROS TAMBRE SL PARA O ALUGUEIRO DE ESPAZOS E ARQUIVOS

Informámosvos de que o Colexio chegou a un acordo de colaboración coa empresa Trasteros Tambre, SL, polo que os colexiados e colexiadas poderán beneficiarse dun desconto do 15 % no alugueiro de espazos de almacenaxe. Esta empresa inaugurou recentemente unha nave no polígono do Tambre (vía de Galileo, nave 4) e dispón de 64 modernos rochos distribuídos en dúas plantas, cunhas superficies de 7 a 35 metros cadrados e con 3 metros de altura.

Os colexiados e colexiadas poderán contactar no teléfono 981 798 501 para obter máis información. Deberán indicar que pertencen ao Colexio para que se aplique o dito desconto.

3. RECORDATORIO: DISPOÑIBLES OS MANUAIS DO CURSO SOBRE VIOLENCIA

Lembrámosvos que están dispoñibles na secretaría do Colexio (sede de Eduardo Pondal) os manuais que se entregan como complemento dos contidos tratados no curso “Cuestións prácticas sobre violencia de xénero e violencia sexual”.

- *Manual de actuaciones frente a la violencia de género*
- *Código penal*

Estes materiais só se entregarán ás colexiadas e colexiados que asistiron, como mínimo, a unha das xornadas deste curso.